

Concello de Covelo

DECRETO DA ALCALDÍA

V PLAN DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE COVELO 2021.

As Administracións Públicas deben por en marcha medidas e actuacións concretas que teñan como obxectivo, atender e mellorar a protección ante a perda de emprego, a eficacia na intermediación e recolocación dos/as desempregados/as e potenciar as medidas que fomenten a creación de emprego e a mellora da calidade das condicións laborais, con especial atención á formación ao longo da vida.

Con este obxectivo o Concello de Covelo proxecta desenvolver durante o ano 2021, o V Plan Municipal de Formación para o Emprego no que se recollen distintas accións formativas destinadas a mellorar a empregabilidade e facilitar a inserción no mercado de traballo das persoas desempregadas do noso municipio de Covelo. Na terceira fase está previsto impartir 3 cursos,

Por iso, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, e vista a Fiscalización de Intervención, DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Aprobar a 3ª Fase do V Plan Municipal de Formación para o Emprego para o ano 2021 que recolle o desenvolvemento das seguintes accións formativas:

- **CURSO DE INTRODUCCIÓN A MICOLOXÍA.**
 - o Total xornadas: 1 xornada (7,5 horas).
 - o Duración do curso: 27 de novembro de 2021.
 - o Prazo inscrición: ata ás 14 h do 22 de novembro de 2021.
 - o Horario: de 9.30 horas a 14.00 horas e de 16.30 h a 19.30 h
 - o Lugar de impartición: Edificio de Usos Múltiples de Covelo.
 - o Número máximo de alumnos: 50.

SEGUNDO.- Aprobar condicións de participación e as bases de selección dos participantes no V Plan Municipal de Formación para o Emprego 2021, que son as seguintes:

1. OBXECTO

O obxecto deste procedemento de selección é establecer os criterios básicos a seguir na selección do alumnado dos cursos de formación, preferentemente para desempregados/as, encadrados dentro do V Plan Municipal de Formación para o Emprego 2021.

2. ESPECIALIDADES FORMATIVAS

2.1.- CURSOS

| CURSOS | HORAS | Nº ALUMNOS MÍN./MÁX. |
|---|--------------|---------------------------------|
| Introdución á Micoloxía e Introdución ao Cultivo de Fungos sobre Madeira. | 7,5 h. | 5/50 |

2.2.- PRÁCTICAS NON LABORAIS

Nos cursos que se inclúe un módulo de prácticas no laborais en empresas, estas serán obrigatorias.

Ó alumnado que non asista ao módulo de prácticas non se lle facilitará diploma aínda que asista a tódolos módulos das clases teóricas.



Concello de Covelo

3. REQUISITOS MÍNIMOS PARA PARTICIPAR NOS CURSOS.

Poderán participar no proceso de selección aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar desempregadas e inscritas como tais no Servizo Público de Emprego de Galicia. No suposto que a totalidade de prazas nas accións formativas non se cubran con persoas en situación de desemprego, poderán ofertarse para súa cobertura a traballadores en activo, e se quedaran prazas, ó resto dos solicitantes por orde de inscrición.
- Residir no Concello de Covelo (estas condicións acreditaranse mediante a comprobación no Padrón Municipal de Habitantes, previa autorización da consulta polo interesado). Poderán participar residentes nos concellos limítrofes, previo pago do prezo público correspondente á actividade, si quedaran prazas vacantes non cubertas por residentes en Covelo segundo o previsto no parágrafo anterior.
- No caso de cursos conducentes á obtención de certificados de profesionalidade, os/as alumnos/as deberán cumprir os requisitos esixidos polos Reais Decretos de ditos certificados.

Estes requisitos e demais condicións para o acceso aos cursos, deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de admisión de solicitudes e deberán de ser acreditados xunto coa solicitude.

4. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E CRITERIOS DE SELECCIÓN

4.1.- CONVOCATORIA PÚBLICA

Para o proceso de selección do alumnado procederase á convocatoria pública a través da exposición deste documento no Taboleiro de Edictos Municipais, na páxina web do Concello e a través doutros medios publicitarios si se considera oportuno.

Accederase o curso por orde de inscrición.

4.2.- ENTREGA DE SOLICITUDES

4.2.1.-As persoas que estean interesadas en participar nas probas de selección deberán aportar a seguinte documentación

- Solicitude de inscrición
- Fotocopia do DNI
- Copia da demanda de emprego actualizada
- Certificado ou volante de empadramento.

A documentación deberá entregarse no Rexistro das oficinas xerais do Concello de Covelo (cita previa 986 650 027 ext. 1).

As persoas que desexen máis información sobre as accións formativas e/ou a documentación a aportar poden poñerse en contacto con:

Concelleira de Formación e Emprego e co Auxiliar Desenvolvemento Local

Teléfono: 986 650 027 Ext 4 ou 1.

4.2.2.- Prazo de inscrición: Unha vez convocado o curso abrírase o prazo de inscrición que rematará o quinto día hábil anterior ó comezo do curso.

O prazo de presentación de solicitudes poderá ampliarse en función de calquera incidencia que se produza, sempre co obxectivo de mellorar o propio procedemento e os obxectivos de formación.

4.2.3.- Rematado o prazo e presentación de solicitudes, publicarase no Taboleiro de Edictos Municipais e na páxina web do Concello a relación de candidatos admitidos, así como as persoas que queden en reserva e que poderán incorporarse ante baixas que se produzan, sempre que non houbera transcorrido o 20% das horas lectivas do curso.



Concello de Covelo

No caso de que a persoa seleccionada non estea interesada en realizar o curso deberá acudir as oficinas do Concello para firmar a renuncia ao mesmo.

5. FINANCIAMENTO

Os cursos son gratuítos para a veciñanza de Covelo e financianse con cargo á aplicación orzamentaria 241.226.06 do Orzamento municipal vixente. Para as persoas residentes noutros municipios aplicarase o prezo público pola participación en cursos establecido na **Ordenanza Fiscal Reguladora do Prezo Público pola Prestación de Actividades Lúdicas, Recreativas, Culturais, Formativas e Deportivas**.

6. COBERTURA DO RISCO DE ACCIDENTES DO ALUMNADO

O alumnado terá cuberto os riscos de accidentes que puideran producirse como consecuencia da asistencia aos cursos, así como na fase de prácticas non laborais nas empresas.

7. DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

DEREITOS DO ALUMNADO:

- o A recibir a formación teórico/práctica, segundo o programa do curso.
- o A recibir o material didáctico necesario para a impartición do curso.
- o A recibir un diploma acreditativo cando remate o curso con aproveitamento e asistise ao 80% das horas lectivas do curso.

DEBERES DO ALUMNADO:

- o Asistir e seguir con aproveitamento o curso. Os alumnos poden ter **dúas faltas de asistencia ao mes sen xustificar**, si acumulan máis causarán baixa no curso. As faltas xustificadas e sen xustificar non poderán superar o 20% das horas lectivas; neste caso o alumno tamén causará baixa.
- o Presentar os xustificantes das faltas ao docente.
- o Participar no desenvolvemento das clases e non entorpecer o normal desenvolvemento do curso.
- o Utilizar correctamente a maquinaria e medios didácticos, así como as instalacións dondo se imparte o curso.
- o Nos cursos que se inclúe un módulo de prácticas en empresa, estas serán obrigatorias. Os/as alumnos/as que non asistan ao módulo de prácticas non se lles facilitará diploma aínda que asistiran a todos os módulos de clases teóricas.

8. CURSOS CONDUCENTES Á OBTENCIÓN DE CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE

Nos cursos conducentes á obtención de certificado de profesionalidade, os/as alumnos/as deberán pagar a taxa correspondente para a tramitación de dito certificado.

Asemade, os/as alumnos/as deberán cumprir os requisitos sinalados nos Reais Decretos dos Certificados de Profesionalidade.

9. CERTIFICADO DE PARTICIPACIÓN

O Concello de Covelo expedirá o correspondente diploma ao alumnado que finalice o curso con aproveitamento e asista ao 80% das horas lectivas (presenciais) do curso, así como ás prácticas non laborais nos cursos en que se inclúan. No diploma figurarán o número de horas, o programa do curso, os módulos transversais e as prácticas non laborais.

Cando unha persoa cause baixa por colocación e non teña dereito a diploma, expediráselle un certificado de asistencia no que figurarán as horas e os módulos aos que asistiu.



Concello de Covelo

TERCEIRO.- Aprobación do Anexo I no que se recolle o modelo oficial de solicitude de participación no V Plan Municipal de Formación para o Emprego 2021.

CUARTO.- Ordenar a publicación da convocatoria na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

O mando e asino, en Covelo, na data que figura na marxe.

O ALCALDE
Asdo. Juan Pablo Castillo Amigo

A SECRETARIA
Asdo. M^a Jesús Rodríguez Freire

(Documento asinado electronicamente)



Concello de Covelo

SOLICITUDE V PLAN DE FORMACIÓN DO CONCELLO DE COVELO 2021

| | |
|-------------------------------|--|
| NOME E APELIDOS | |
| DNI | |
| DIRECCIÓN COMPLETA | |
| TELEFONO (obrigatorio) | |
| CORREO ELECTRÓNICO (opcional) | |

| | | | |
|--|----|----|----------------------------|
| ESTUDOS MAIS ALTOS REMATADOS: | | | |
| DESEMPREGADO | SI | NO | TEMPO APROX. EN DESEMPREGO |
| ESPECIFIQUE OUTRAS SITUACIÓNS (Traballando, xubilado, pensionista, estudante...) | | | |
| | | | |

| | |
|-------------------------|---|
| MARCAR OS CURSO | OBSERVACIÓNS/PROPOSTAS/SUXESTIÓNS RELATIVAS A ESTE CURSO E OS HORARIOS DE CELEBRACIÓN |
| Introdución a Micoloxía | |

| |
|---|
| OUTRAS PROPOSTAS DE FORMACIÓN PARA SUCESIVOS CURSOS |
| |

| | |
|----------------------------|--|
| DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR: | |
| | Orixinal D.N.I. |
| | Orixinal que acredite o/a solicitante como demandante de emprego (se fose o caso). |
| | Autorizo a Administración a comprobar no Padrón Municipal de Habitantes do Concello de Covelo. |
| | Certificado de vida laboral actualizado |

| | |
|-------------------------------|--------------------|
| A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN: | |
| | Empadroadado/a |
| | Non empadroadado/a |

O mando e asino en Covelo, na data que figura na marxe.

O ALCALDE-PRESIDENTE

A SECRETARIA

Juan Pablo Castillo Amigo

María Jesús Rodríguez Freire

Concello de Covelo

Praza Mestre Cerviño, 2, Covelo. 36872 Pontevedra. Tfno. 986 650 027. Fax: 986 650 131

